

PROXECTO EDUCATIVO

O proxecto educativo de centro recolle os valores,
obxectivos e prioridades de actuación da nosa escola

EEI PLURILINGÜE MONTE DA GUÍA

REVISIÓN Nº : 0

DATA: 2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/05/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 29/06/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:



TÁBOA DE CONTIDO

1. ANÁLISE DO CONTEXTO	3
1. Resumo histórico	3
2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna	4
3. Características do alumnado	6
2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE	6
3. O CENTRO	8
1. Instalacións	8
2. Horarios xerais do Centro	10
3. Oferta educativa, área de influencia e centros adscritos	11
4. Servizos complementarios	11
5. Actividades extraescolares	12
6. Plan de avaliación do Centro	12
4. OBXECTIVOS	13
5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA	18
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO	20
7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA	21



1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1. RESUMO HISTÓRICO

A Escola Plurilingüe de Educación Infantil Monte da Guía está situada no barrio de Teis, no concello de Vigo. Atópase preto do monte da Guía, ao que debe o seu nome. Está ubicada nunha zona rodeada de campos e vivendas en situación sur; medianeira co Instituto da Guía ao norte e con vistas á ría de Vigo polo oeste, nunha excelente situación xeográfica.

Teis é un barrio de marcado carácter obreiro, pois nel aséntase gran parte do porto comercial de Vigo. A poboación é de familias que traballan neles e servizos na cidade e nas industrias de Vigo. O barrio conta con varios centros de ensino tanto públicos coma concertados, dúas escolas infantís de primeiro ciclo (0-3), un centro de día para maiores, piscina pública, centro de saúde, centro cívico con auditorio e outros servizos. Entre os seus maiores atractivos destacan o parque da Rioux e as praias da Lagoa e a Punta.


A construción data de 1979, e comezou a funcionar o ano seguinte. Trátase dunha edificación antiga na que se levaron a cabo moitas melloras, sendo precisas aínda algunhas máis, para amortiguar o paso do tempo e adaptarnos ao aumento de matrícula que continúa dende hai varios cursos.

Esta revisión do Proxecto Educativo pretende ser unha continuidade da contínua transformación pedagóxica da nosa escola, en constante evolución acorde ás necesidades da sociedade e ás características do noso alumnado e de toda a nosa comunidade educativa. É un proxecto de equipo, no que cada persoa conta. No que as decisións se toman de xeito consensuado e pensando sempre nas crianzas como o máis importante do noso sistema. Un proxecto amable e respectuoso... coas persoas, coa liberdade de opinións, co medio ambiente. Intentando ser coherentes nos valores que se defenden e se transmiten, e facendo partícipes ás familias como pilares fundamentais do proceso educativo dos seus fillos e fillas.



2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

Como se indicou anteriormente, a escola está ubicada no barrio de Teis, no Concello de Vigo.



Nestes últimos anos medrou moito, e segue medrando, un movemento de vinculación entre a xente do barrio, que quere conseguir máis recursos co fin de mellorar a súa calidade de vida e os servizos da contorna, en beneficio de todos os cidadáns da zona e, por extensión, da cidade de Vigo. Desenvolven moitas actividades e proxectos (horta urbana, campañas de recollida e intercambio de roupa, libros e xoguetes entre familias, festas populares...).

As familias das nosas crianzas son, na súa maioría, castelán falantes e pertencentes a clases socioeconómicas de diversa índole, dende media-alta a media-baixa. Dende a escola procuramos actuar como axente compensador, fomentando valores sociais democráticos, solidarios e construtivos que favorezan a igualdade e a cooperación, e diminúan a discriminación e a competitividade.

Os datos da escola son os seguintes:

DENOMINACIÓN OFICIAL	EEI PLURILINGÜE MONTE DA GUÍA
CÓDIGO DO CENTRO	36014787
CIF	S8600012B
CONCELLO	Vigo
PROVINCIA	Pontevedra
DIRECCIÓN	Rúa Irmáns Misioneiros dos enfermos pobres, 37
CÓDIGO POSTAL	36207
TELÉFONO	886.120.960
CORREO ELECTRÓNICO	eei.montedaguia@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	http://www.edu.xunta.gal/centros/eeimontedaguia/



3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado escolarizado na nosa escola pertence ao segundo ciclo de educación infantil (3 - 6 anos).

Dende hai varios cursos e debido ao aumento de matrícula, a maioría vive na zona de influencia (zona educativa número 1).

Aínda que é unha escola pequena e moi familiar, o número de alumnado é moi elevado (25 nenos e nenas por aula), completando a ratio establecida pola lexislación vixente. Previsiblemente o descenso da natalidade repercutirá na matrícula nos vindeiros anos.

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

Os principios, valores e sinais de identidade da nosa escola son compartidos por toda a comunidade educativa.

PRINCIPIOS E SINAIS DE IDENTIDADE:

- Escola fogar, case como unha extensión da familia.
- Respecto polos ritmos individuais e tempos evolutivos.
- Conciencia sobre a singularidade de cada persoa, favorecendo a igualdade de oportunidades e o apoio específico necesario.
- Fomento da curiosidade; que sexan individuos curiosos e con motivación por explorar, aprender e descubrir.
- Acompañamento emocional, de xeito que todas as persoas que forman parte da comunidade educativa se sintan escoitadas, comprendidas, valoradas e recoñecidas.
- Persoas adultas como acompañantes respectuosas, respectando o ritmo evolutivo das crianzas, aportando seguridade e axudando a regular as emocións.



- Metodoloxía activa e fundamentalmente sensorial e baseada no xogo e na experimentación.
- Importancia do xogo libre.
- Espazos amables e respectuosos, creando un clima de confianza e seguridade.
- Actividades internivel, aproveitando as vantaxes que ofrecen os grupos mixtos.
- Contacto coa natureza, e respecto polo medio natural. Espazo exterior como ambiente de aprendizaxe e descubrimento.
- Espazos preparados, pensados para as crianzas destas idades que precisan movemento, coidando a estética (decoración e mobiliario). Espazos para a manipulación, exploración e descubrimento. Ambientes inclusivos.
- Participación das familias na vida do Centro.
- Fomento de hábitos de alimentación saudable e responsabilidade co medio ambiente.
- Respecto por todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.
- Mellora contínua, comprometéndonos co ensino e metodoloxías innovadoras e respectuosas.

VALORES

- Solidariedade, igualdade
- Inclusividade
- Coeducación
- Convivencia respectuosa
- Sostenibilidade



- Resiliencia
- Creatividade
- Responsabilidade
- Fomento da autonomía
- Respecto, acompañando a liberdade establecendo límites
- Pensamento crítico
- Normalización e Plurilingüismo

3. O CENTRO

1. INSTALACIÓNS

En canto ao Centro, o edificio é dunha soa planta, dividida en dúas entradas independentes que comunican entre si polo interior (aulas) e polo exterior (patio cuberto), o que facilita a comunicación, os desprazamentos e a autonomía do alumnado, e de toda a comunidade educativa. A superficie total é de 547 m²

Ademáis das tres aulas, contamos cos seguintes espazos:

- Aula de usos múltiples
- Biblioteca, cun amplo catálogo que aumenta cada ano grazas á dotación económica que recibimos co Plambe
- Sala de mestras/Dirección
- Comedor
- Un pequeno almacén para material didáctico
- Un baño para adultos
- Un baño adaptado
- Dous baños para as crianzas
- Un pequeno espazo para AL e PT
- Un patio cuberto



- Un patio exterior moi amplo, con dous areeiros, xogos, céspede, árbores froiteiras, horta (na que a comunidade educativa participa activamente), xardín...
- Tres galpóns, para almacenaxe de ferramentas, material, utensilios de xardinería...
- Un vestiario para o persoal de mantemento.

Unha escola defínese dende o momento no que unha persoa entra nela (as cores, os materiais, a enerxía que se respira...), e por iso consideramos tan importante coidar os nosos espazos, que están sendo renovados dende hai varios cursos (mobiliario "amable", coidando a estética, unificando cores nas aulas, eliminando os elementos que non son necesarios):

- Espazos que se asemellen en certa medida ao fogar, ordenados e con mobiliario adaptado ás características e necesidades das crianzas.
- Espazos e materiais que fomenten a aprendizaxe autónoma e por descubrimento.
- Espazos que permitan o movemento libre e favorezan distintos agrupamentos.
- Espazos organizados por ambientes de aprendizaxe (lóxico-matemática, lectoescritura, construcións, sensorial, natureza...).

Ademáis das instalacións e os espazos, consideramos moi importante a selección de material didáctico que empregamos na escola:

- Materiais adaptados ás necesidades das crianzas.
- Empregamos fundamentalmente material sensorial variado, favorecendo a manipulación, o desenvolvemento da creatividade e a posibilidade de desenvolver múltiples linguaxes.
- Damos moita importancia ao material natural e de refugallo, polas posibilidades multisensoriais que ofrece e o vínculo coa natureza.



2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

As actividades lectivas realízanse de luns a venres durante cinco horas diarias, en xornada continuada (de 9 a 14h).

O Centro conta con servizo de Aula Matinal (de 8:00 a 9:00) e comedor (de 14:00 a 16:00), ambos xestionados pola ANPA da escola.

Os luns e martes ofértanse actividades extraescolares para as familias que o soliciten. Os horarios e as actividades varían cada curso, en función da demanda. A ANPA realiza a xestión deste servizo.

Todos os grupos teñen dúas sesións de lingua estranxeira á semana (Plurinfantil). O centro conta tamén con auxiliar de conversa compartida co CEIP Igrexa - Candeán.

As ensinanzas de Relixión e Atención Educativa impártense dentro da xornada escolar nun horario específico dunha hora semanal para cada grupo.

A biblioteca do Centro permanece aberta para préstamo ás familias unha tarde á semana.

O profesorado permanece na escola os martes pola tarde de 16:00 a 18:30 para labores de coordinación docente e titorías, así como para realizar reunións dos órganos colexiados


Dado o carácter globalizador que precisa esta etapa, o horario de cada aula recolle de forma flexible a sucesión do tipo de actividades que se realizan cada día.



3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

Actualmente o Centro escolariza a 74 crianzas do segundo ciclo de Educación Infantil (de 3 a 6 anos). O centro leva experimentando un aumento de matrícula significativo aproximadamente dende o curso 2017/2018.

O centro pertence á zona educativa número 1, limítrofe coas zonas 2 e 3:



O Centro adscrito é o CEP Santa Tegra.

4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O Centro conta con servizo de Aula Matinal (de 8:00 a 9:00) e comedor (de 14:00 a 16:00), ambos xestionados pola ANPA da escola. O servizo de cátering é xestionado pola empresa Arume.

Os luns e martes ofértanse actividades extraescolares para as familias que o soliciten. Os horarios e as actividades varían cada curso, en función da demanda. A ANPA realiza a xestión deste servizo.



5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares, que varían cada ano en función da oferta, da demanda e da necesidade das familias, están en consonancia co Proxecto Educativo da Escola, sendo afíns ás sinais de identidade do Centro.

6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O proceso de avaliación é unha parte fundamental de todo proxecto, xa que permite analizar o proceso, revisar certos aspectos e modificar os que sexan precisos, sempre escoitando ao equipo docente como parte fundamental e imprescindible na toma de decisións, e a toda a comunidade educativa en xeral.

- AVALIACIÓN CONTINUA: Escoitando todas as propostas en cada reunión de Claustro e Consello Escolar, dando cabida aos debates/reflexións que vaian xurdindo e tomando as decisións oportunas.

- AVALIACIÓN FINAL ANUAL: Unha das ferramentas que empregaremos para esta avaliación serán as Memorias Anuais, nas que se fai revisión da PXA e dos distintos proxectos, con propostas de mellora. Asimesmo, levaremos a cabo unha xuntanza anual a finais de cada curso para compartir opinións sobre o traballo desenvolvido ao longo do curso, decisións tomadas e reflexionar sobre os aspectos que debemos manter e modificar.

Algúns indicadores para a avaliación, que servirán de guía para unha avaliación continua e final, son os seguintes:

- Osténtase a representación do Centro con rigor e transparencia, promovendo a innovación educativa e respectando o Proxecto Educativo.

- Garántese o cumprimento das leis e da normativa vixente.

- Révisanse e mantéñense actualizados os documentos do Centro.

- Favorécese a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, a colaboración coas familias e con institucións da contorna.



- Coordínanse as reunións con eficacia, respectando os calendarios establecidos.
- Impúlsase a avaliación interna para continuar evolucionando, promovendo os debates e reflexións conxuntas.
- Promóvese a innovación pedagóxica, a participación en distintos programas educativos.
- Realízanse contratacións de obras, servizos e suministros de xeito transparente e valorando distintos orzamentos, tendo en conta a xestión económica do Centro.
- Mellóranse e optimízanse os recursos dos que dispón o Centro.
- Existe unha liña metodolóxica común e consensuada.

4. OBXECTIVOS

Para definir os obxectivos e as áreas de mellora, partimos da análise de tres cuestións:

- 1- Que aspectos da nosa escola (metodolóxicos, organizativos, estruturais, etc.) debemos CONSERVAR?
- 2- Que aspectos podemos MODIFICAR para mellorar?
- 3- Que consideras oportuno ELIMINAR?
- 4- Suxerencias e/ou aportacións



4.1. Ámbito do alumnado

- Potenciar o traballo de habilidades sociais entre todo o alumnado.
- Continuar impulsando o traballo en grupos mixtos (procesos de aprendizaxe), implicando a todo o profesorado, e aproveitando ao máximo as vantaxes que ofrecen estes agrupamentos.
- Reforzar os hábitos hixiénicos e o coidado e limpeza dos espazos.
- Continuar promovendo hábitos de vida saudable entre o alumnado e a comunidade educativa (merendas saudables, tempo suficiente de actividade física e movemento...).
- Optimizar os recursos humanos do Centro, organizándoos de tal xeito que o alumnado reciba todos os apoios posibles dentro da aula.
- Continuar promovendo metodoloxías activas, sensoriais, aprendizaxe en contacto coa natureza e alumnado como protagonista, de xeito respectuoso.
- Fomentar a participación dos nenos e nenas na toma de decisións.
- Continuar potenciando o uso das tres linguas (galego, castelán, inglés).
- Promover as saídas medioambientais, aproveitando ao máximo os recursos da contorna (praias, monte, horta urbana...).
- Vivenciar a equidade como instrumento para garantir a igualdade de oportunidades e a calidade educativa, para conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, o respecto aos principios democráticos e aos dereitos e liberdades fundamentais (segundo establecen os artigos 17 e 18 do Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade).
- Garantir a coeducación, sen admitir contidos, metodoloxías ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, de estereotipos



(segundo o establecido na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes).

- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

4.2. **Ámbito do profesorado e aula**

- Continuar dinamizando un plan de titorías, confeccionado e executado con rigor coa colaboración do Departamento de Orientación (estratexias comúns, modelos de documentos para rexistros, documentos de acollida...).
- Continuar potenciando a formación do profesorado.
- Continuar optimizando as actuacións do Departamento de Orientación, incluíndo a observación en aulas para mellorar a intervención.
- Establecer canles de coordinación e comunicación entre o equipo docente para compartir información importante sobre o alumnado.
- Potenciar a coordinación das titoras co Departamento de Orientación.
- Continuar optimizando os recursos humanos da escola.
- Continuar promovendo a reflexión e innovación metodolóxica.
- Fomentar o uso de ferramentas tecnolóxicas que faciliten a comunicación interna e a coordinación.
- Continuar impulsando o Proxecto Plurilingüe.
- Continuar dinamizando a Biblioteca (Plambe).
- Promover sesións de avaliación, autoavaliación, debates internos, reflexión conxunta..., detectando necesidades e indicando propostas de mellora consensuadas.



- Programar reunións periódicas entre os distintos equipos para establecer canles fluídas de comunicación entre o profesorado, promovendo o diálogo e a toma de decisións.

4.3. Ámbito estrutural e organizativo

- Loitar contra o paso do tempo (reparación/substitución de elementos que se van deteriorando).

- Continuar unificando ambientes e renovando o material e o mobiliario.

- Habilitar espazos de almacenamento e organización do material, accesible a todo o profesorado.

- Continuar dinamizando os espazos exteriores, adecuándonos ás necesidades do alumnado.

- Promover a conservación dos elementos naturais e de xogo do xardín exterior. Incorporar novos elementos.

- Coordinar estratexias co persoal de comedor para atender as necesidades individuais de todo o alumnado usuario do servizo.

- Manter o bo funcionamento dos servizos (aula matinal, comedor, actividades extraescolares...).

- Manter o clima de respecto, colaboración, empatía e traballo en equipo que xa existe na escola.



4.4. **Ámbito de familias**

- Conservar e potenciar as canles de comunicación coas familias.
- Continuar dinamizando a Escola de Familias.
- Manter actualizada a información do taboleiro, blogues da escola e redes sociais.
- Potenciar ao máximo as actividades coas familias e a súa participación na vida da escola.
- Promover xuntanzas periódicas coa ANPA para coordinar actuacións e dinamizar actividades e servizos.
- Continuar colaborando coa ANPA na realización de actividades interesantes para toda a comunidade educativa.
- Difundir as NOFC e reforzar o cumprimento dalgunhas normas básicas do Centro.
- Manter e reforzar o proxecto de merendas saudables, inculcando hábitos de vida sans entre o alumnado e a comunidade educativa, e contribuíndo á conservación do medio ambiente (cero residuos).
- Promover a participación das familias a través do Consello Escolar e distintas actividades no Centro e nas aulas.

•

4.5. **Ámbito de administración e contexto**

- Manter actualizada a documentación do Centro.
- Difundir a documentación do Centro entre a comunidade educativa, para o seu coñecemento e cumprimento.
- Establecer canles de comunicación co persoal de comedor e aula matinal, transmitindo os principios básicos do PEC e buscando continuidade.



- Actuar con premura nas xestións e trámites cando se detecten necesidades educativas.
- Optimizar os recursos económicos.
- Establecer canles de comunicación fluída co Concello e a Consellería, atendendo aos trámites e resolvendo procedementos.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

Directora

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

Consello escolar:

- 2 representantes do profesorado (unha delas actúa como secretaria)
- 2 representantes de familias (un deles representante da ANPA)
- 1 representante do Concello
- A persoa directora, como Presidenta do órgano colexiado

Claustro:

- 4 especialistas Educación Infantil
- 1 especialista Lingua Estranxeira (Inglés), compartida coa EEI Rúa Aragón
- 1 especialista Audición e Linguaxe, compartida co CEP Santa Tegra



Son mestres/as do noso Centro, pero con Centro base noutras escolas:

- 1 mestra de Relixión Católica (CEIP Javier Sensat)
- 1 Orientador (con centro base no CEP Santa Tegra)

Dende hai varios anos e por necesidades do alumnado, contamos tamén con especialista en Pedagogía Terapéutica e Coidadora, pero son prazas provisionais e anualmente a Inspección Educativa valora dita adxudicación.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

a. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O xefe do Departamento de Orientación ten Centro base no CEP Santa Tegra, permanecendo na nosa escola dous días á semana. Forman parte do Departamento de Orientación a especialista de Audición e Linguaxe e a especialista de Pedagogía Terapéutica, en caso de que se adxudique dita praza.

b. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Coordinado por unha mestra e do que forma parte todo o profesorado.

c. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coordinado por unha mestra e do que forma parte todo o profesorado.

d. EQUIPO DE BIBLIOTECA

Coordinado por unha mestra e do que forma parte todo o profesorado.



e. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

Coordinado por unha mestra e do que forma parte todo o profesorado.

f. EQUIPO DE CICLO

Coordinado por unha mestra e do que forma parte todo o profesorado.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables da elaboración	Data Aprobación	Próxima revisión
Proxecto educativo (este documento)	Equipo directivo	Xuño 2023	Xuño 2027
Concreción curricular	Claustro Equipo de ciclo	Abril 2022	Abril 2026
Plan Xeneral de Atención á Diversidade	Depto. Orientación	Xuño 2021	Xuño 2025
Plan acción Titorial	Depto. Orientación Titoras	Xuño 2021	Xuño 2025
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	Outubro 2022	Outubro 2023
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	Xaneiro 2019	Setembro 2023
Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega	Outubro 2019	Outubro 2023
Proxecto Lector	Profesorado	Outubro 2019	Outubro 2023
Plan Biblioteca	Coordinador Biblioteca Equipo de Biblioteca	Xuño 2022	Xuño 2023
Plan Dixital	Equipo de dinam. TIC	Xuño 2022	Setembro 2023
Plan Autoprotección-Plan evacuación	Equipo directivo Profesorado	En revisión actualmente	-
Plan de Igualdade	Claustro	Outubro 2019	Outubro 2023



7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa anterior, deben ser revisados cada catro anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan. Asimesmo, todos os plans/programas anteriores concrétanse anualmente na PXA, e realizaranse sobre os mesmos propostas de mellora ao finalizar cada curso escolar (no mes de xuño), quedando as mesmas reflectidas na Memoria Anual.

